

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 26/02/2026(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. CARLOS COIRA LOJO
DONA SONIA OUTON CASAL
DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ
D. ALVARO CAROU GARCÍA
D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN
DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO
D. JESUS REY RODRIGUEZ
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO
D. JULIO VARELA CARDALDA
D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ
DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

Lista de non asistentes:

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

SECRETARIA

DONA MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA ACCIDENTAL

DONA MARIA BERMUDEZ OUTÓN

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 26/02/2026, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 29 de xaneiro de 2026.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes xaneiro de 2026.
3. Aprobación, se procede, do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día internacional da Muller
4. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito N° 01/REC/2026/PLENO por importe de 85.365,80€.
5. Exame das alegacións presentadas, e aprobación definitiva, se procede, da Ordenanza Fiscal II.18 Reguladora da Taxa polo uso do Aparcamento Subterráneo Municipal.
6. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
7. Aprobación, se procede, da moción presentada pola voceira do grupo político municipal do PSG-PSOE, de apoio ás demandas da Comunidade Educativa do IES Castro Alobre.

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, de apoio ás reivindicacións do sector agrogandeiro galego.
9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, relativa á recuperación total do Servizo Ferroviario no Eixo Atlántico.
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, relativa á realización dun estudo técnico externo sobre o estado das instalacións deportivas municipais.
11. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
12. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
13. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.
14. Rogos e preguntas presentadas por escrito polos membros da Corporación Municipal.
15. Rogos e preguntas formuladas oralmente polos membros da Corporación Municipal.
16. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Manuel Angel Figueiredo González e D. Fernando Pérez Quintela utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DE DATA 29 DE XANEIRO DE 2026.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21) a acta da sesión anterior de data 29 de xaneiro de 2026.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260226&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XANEIRO DE 2026: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Autorización prestación servizo taxi
- 1 Retrotrer actuacións en expediente de contratación
- 1 Renuncia a subvención concedida polo AGADER
- 1 Expediente de modificación de créditos por transferencia
- 2 Resolución sancionadora expediente sancionador de tráfico
- 3 Arquivo expediente sancionador de tráfico
- 4 Resolución recurso de reposición expediente sancionador de tráfico
- 12 Primeiras alegacións expediente sancionador de tráfico
- 1 Designación Secretario Acctal.
- 2 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Aplicación incremento retributivo ao persoal previsto no RDL 14/2025
- 2 Delegación Interventor Municipal
- 1 Excedencia voluntaria funcionaria municipal
- 1 Desestimación recurso de reposición contra OEP 2025
- 3 Substitución posto de categoría superior
- 2 Licenza de animais potencialmente perigosos
- 4 Estimación liquidacións e baixas
- 2 Estimación/desestimación IVTM
- 4 Estimatoria de recibos
- 3 Estimación/desestimación Taxas e Prezos Públicos
- 2 Estimación/desestimación bonificación IBI
- 2 Estimación/desestimación fraccionamento
- 2 Estimación/desestimación IIVTNU
- 3 Comisións bancarias
- 1 pago xuros amortización préstamos
- 43 Orde de pago
- 5 Deber de conservación
- 3 Recurso contencioso administrativo expediente urbanismo
- 2 Reposición legalidade urbanística
- 1 Sancionador actividades
- 2 Sancionador infracción de horario
- 9 Levantamento de reparo
- 20 Comunicación previa obras menores
- 3 Ineficacia comunicación previa obras menores
- 8 Licenza de obra menor
- 9 Licenza de obra maior
- 2 Prórroga licenza de obra maior
- 1 Renuncia licenza de obra maior
- 2 Denegación licenza instalación de terraza
- 3 Plan de seguridade e saúde obras

TOTAL: 174

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260226&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

Polo Sr. Alcalde

Polo Sr. Alcalde alérase a Orde do Día da sesión do Pleno pasando a tratar a continuación os asuntos que figuran co nº 6 (solicitude de participación cidadá) e a continuación o asunto que figura co número 7 da orde do día do Pleno "Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, de apoio ás demandas da Comunidade Educativa do IES Castro Aobre".

6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Está presentada a seguinte solicitude de participación cidadá:

- D. Gustavo Lojo, Secretario do IES Castro Aobre.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260226&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLA VOCEIRA DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE, DE APOIO ÁS DEMANDAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA DO IES CASTRO ALOBRE.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 23 de febreiro de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE, coa data de 18 de febreiro de 2026, do seguinte teor:

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O equipo directivo do IES Castro Aobre, nomeado accidentalmente en 2024 e extraordinariamente por dous anos en 2025, comunica á Unidade Técnica de Pontevedra diversas deficiencias detectadas no centro ao longo deste período. A pesar de teren informado formal e informalmente destas incidencias, non recibiron asistencia nin visita técnica. As obras necesarias superan o orzamento do centro, e moitas das deficiencias supoñen riscos para a seguridade e limitacións no dereito á accesibilidade.

En materia de seguridade, destacan problemas no terraplén do pavillón, portas de acceso que non cumpren a normativa, risco no perímetro da pista polideportiva, gradas exteriores sen pasamáns e con afundimentos (xa con accidentes rexistrados), deficiencias graves no pavillón (vías de evacuación e gradas), e pavimento deteriorado no edificio da ESO que provoca tropezos. En canto á accesibilidade, existen múltiples barreiras: a antiga casa do conserxe é inaccesible, o edificio da ESO carece de aseo adaptado, o escenario do salón de actos e varios corredores non permiten o acceso en cadeira de rodas, e a cafetería tamén é inaccesible.

No apartado de acondicionamento xeral, precísanse actuacións na cuberta e canalóns, substitución e reparación de ventás, revisión estrutural de piares con corrosión, melloras na rede de saneamento compartida, substitución de carpinterías con carcoma e pintado interior do centro.

Finalmente, propónse unha reforma da planta baixa para crear espazos de lecer interiores e optimizar dependencias en desuso, facilitando así un mellor aproveitamento das instalacións

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que se adopte o seguinte ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a dar resposta e atender as demandas da comunidade educativa do IES Castro Aobre.
2. Dar traslado e instar á Xunta de Galicia a executar, de maneira urxente, as obras necesarias para converter ao IES Castro Aobre nun centro inclusivo, con accesibilidade universal e en materia de seguridade, descritas na exposición de motivos.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada pola voceira do grupo político municipal do PSG-PSOE, de apoio ás demandas da Comunidade Educativa do IES Castro Aobre.

- Intervén D. Gustavo Lojo, Secretario do IES Castro Aobre, para expoñer as demandas da Comunidade Educativa do IES Castro Aobre.

- Polo grupo político municipal do PP presentase a seguinte emenda de adición:

3.- Instar ao Goberno Central a habilitar un plan estatal para mellorar os centros educativos.

4.- Instar ao Goberno Central a rebaixar o IVE nas obras de reforma dos centros educativos.

- Pola voceira do grupo político municipal do PSdeG-PSOE non se acepta a emenda presentada polo grupo político municipal do PP.

- Sendo as 17:30 horas incorporase á sesión o Sr. Fajardo Recousó.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o amoción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE e:

1. Instar á Xunta de Galicia a dar resposta e atender as demandas da comunidade educativa do IES Castro Aobre.
2. Dar traslado e instar á Xunta de Galicia a executar, de maneira urxente, as obras necesarias para converter ao IES Castro Aobre nun centro inclusivo, con accesibilidade universal e en materia de seguridade, descritas na exposición de motivos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260226&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO MANIFESTO DA FEGAMP E DO CONCELLO DE VILAGARCÍA CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 23 de febreiro de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta do manifesto da FEGAMP e do Concello de Vilagarcía de Arousa, do seguinte teor:

MANIFESTO POLO 8 DE MARZO DE 2026 DA FEGAMP E DO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA

As mulleres, xestoras do cambio.

A conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, permítenos lembrar, reivindicar e facer balance dos avances acadados. Unha data mundialmente rememorada na que a ONU, neste 2026, une a mulleres e nenas para esixir igualdade real de dereitos e unha xustiza para facer valer, exercer e desfrutar eses dereitos.

No municipalismo galego, falar de igualdade significa falar de milleiros de mulleres implicadas ao longo dos anos que deixaron e deixan o mellor do seu talento e da súa capacidade ao servizo da veciñanza con responsabilidade, bo facer e rendición de contas. Un traballo cotiá que mantén en pé aos concellos e garante que os servizos públicos cheguen a todas as persoas.

Tamén dende o Concello de Vilagarcía queremos poñer o acento neste labor imprescindible, e non sempre recoñecido, das xestoras públicas. Mulleres que dende os espazos de responsabilidade, e tamén dende os equipos técnicos, sosteñen a administración local e participan nos procesos máis esixentes que afrontan hoxe os gobernos máis próximos á cidadanía.

Dende Maruja Gómez, a primeira muller alcaldesa elixida democraticamente en Galicia no ano 1936, ata hoxe, moitas mulleres foron asumindo os bastóns de mando dos 313 concellos galegos. Outras como concelleiras e outras en labores de oposición, pero todas erguendo a bandeira do traballo colectivo e deixando o listón moi alto. De feito, compre engadir que máis do 42% das concellerías nos municipios galegos están ocupadas por unha muller, malia que só o 22% son alcaldesas.

Falamos de mulleres traballando en ámbitos e funcións chave na xestión municipal como a planificación de servizos, o deseño dos pobos e das cidades, a xestión económica, a contratación pública ou programando e prestando servizos á comunidade. Un traballo constante e rigoroso, absolutamente esencial para garantir a continuidade, a estabilidade institucional e a mellor atención, mesmo en situacións complexas como recentemente aconteceu coa pandemia do Covid.

Na actualidade, esta experiencia resulta determinante para facer fronte a un dos maiores desafíos do municipalismo como foi a xestión dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, coñecidos como Next Generation EU. Nunca antes os concellos e deputacións tiveran que xestionar recursos de tal dimensión, cunha esixencia técnica que require coñecemento normativo, vangarda, organización, coordinación e unha planificación precisa. En Galicia, unha parte moi significativa desta responsabilidade recae nas mulleres.

Ese foi o motivo de poñer este 8M o foco nas mulleres como xestoras transformadoras dos seus pobos e cidades, facendo gala dun compromiso e coñecemento do territorio que posibilita que os investimentos non se concentren só nos grandes núcleos urbanos, senón que contribúan á cohesión territorial de toda Galicia e a un desenvolvemento máis equilibrado.

Este liderado político e institucional implica tomar decisións, establecer prioridades e garantir a transparencia no uso dos recursos públicos, con rigor e unha base sólida que reforza a confianza da cidadanía nas institucións.

En todos os contextos políticos, a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes non pode entenderse como unha cuestión secundaria, senón como unha condición necesaria para a eficacia e a eficiencia das políticas públicas. Non hai política sen igualdade, non hai xestión sen mulleres, non hai democracia real sen paridade.

Por todo iso, debemos seguir defendendo o feminismo como un movemento político, social e cultural civilizatorio, indispensable para combater todas as formas de desigualdade, discriminación e violencia. É indispensable para reforzar a participación activa das mulleres na política local, pero tamén na economía, na educación, na investigación e na tecnoloxía. E por suposto, é imprescindible para fornecer e ampliar a actual axenda pública con novas respostas a vellas preguntas, con novas solucións para vellos problemas.

Neste 8 de marzo, dende o Concello de Vilagarcía reafirmamos o noso compromiso para seguir visibilizando ás mulleres como xestoras do público, exercendo o poder e eliminando barreiras que aínda dificultan a seu acceso a postos de responsabilidade. Temos a oportunidade en Galicia de seguir pulando por un modelo municipal de desenvolvemento sostible, social, económico e medioambiental, centrado nas persoas, con perspectiva de xénero, con miradas máis plurais e coa igualdade impregnando a organización e a xestión dos concellos. Invitámosvos a que durante todo o ano, pero especialmente nestas datas tan simbólicas, estimulemos conxuntamente a visibilización destes logros escritos co nome de centos de mulleres, que abramos espazos de participación para todas, que reforcemos a colaboración e o liderado de todas elas. Trallemos para que os retos e desafíos que temos por diante se afronten dende o principio de igualdade, recoñecendo ás mulleres non só como protagonistas da igualdade, senón como xestoras do cambio, responsables directas de construír, dende o ámbito local, un mellor futuro.

Cando unha muller avanza, ningún home retrocede. Cando unha muller avanza, todas dan un paso ao fronte.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes de tódolos grupos políticos municipais asistentes á Comisión informan favorablemente.

En consecuencia por unanimidade infórmase favorablemente a aprobación do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día internacional da Muller.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o Manifesto da FEGAMP e do Concello de Vilagarcía con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260226&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 01/REC/2026/PLENO POR IMPORTE DE 85.365,80€.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 23 de febreiro de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía, do seguinte teor:

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

1. Relación de facturas F/2025/257 cun importe de 2.244,21€: inclúe xustificantes de gasto con rexistro contable no exercicio 2025 que corresponden a contratos menores de subministracións derivados do normal desenvolvemento dos servizos municipais realizadas nos exercicios 2022, 2023 e 2024, que tiveron entrada no último mes do exercicio 2025 e que carecían de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicio 2025.
2. Relación de facturas F/2025/271 cun importe de 4.798,03€: comprende xustificantes con rexistro contable no exercicio 2025 de contratos menores de subministracións e servizos derivados do normal desenvolvemento dos servizos municipais realizados no exercicio 2025, que tiveron entrada no exercicio 2025 e que carecían de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicio 2025.
3. Relación de facturas F/2025/275 cun importe de 47.216,16€: comprende xustificantes con rexistro contable no exercicio 2025 de contratos menores de subministración de enerxía eléctrica correspondentes a consumos do exercicio 2025 e que non tiñan cabida na tramitación prevista na Base 21 das de Execución do orzamento, por non existir crédito suficiente na aplicación correspondente.
4. Relación de facturas F/2026/6 cun importe de 16.380,05€: comprende xustificantes con rexistro contable no exercicio 2025 de contratos menores de servizos realizados pola SGAE (Sociedade Xeral de Autores e Editores) nos exercicios 2024 e 2025, que tiveron entrada no mes de xaneiro de 2026 e que carecían de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos dos exercicios 2024 e 2025.
5. Factura con xustificante de entrada 2025/7683 cun importe de 497,75€ de OTIS MOBILITY S.A. polo servizo de mantemento do ascensor da nave de Obras, que tivo entrada no exercicio 2025 e que carecía de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicio 2025.
6. Factura con xustificante de entrada 2025/8707 cun importe de 14.229,60€ de PLAGAL CONTROL DE PLAGAS SLU polo servizo de control de pragas urbanas e outras do 2º semestre de 2025, que tivo entrada no exercicio 2025 e que carecía de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicio 2025.

Visto que no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados nas relacións de facturas anexas á providencia de alcaldía por importe de 85.365,80 €.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de servizos e subministracións efectivamente realizados en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira marcados na LOEOSF 2/2012.

Logo de ver o Informe de Intervención, JFC/134/2026 (CSV IO8CEEU7PIRYI79N) de data 18/02/2026, no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos N° 01/REC/2026/PLENO por importe de 85.365,80 € con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas nas relacións anexas á providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 01/REC/2026/PLENO, das facturas e xustificantes comprendidos nas relacións de facturas N° F/2025/257, N° F/2025/271, F/2025/275, F/2026/6 e dos xustificantes 2025/7683 e 2025/8707 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 85.365,80 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2026 (2025 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixital
O ALCALDE
Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito N° 01/REC/2026/PLENO por importe de 85.365,80€.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezoito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), PP (8) e BNG (2), e unha abstención do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 01/REC/2026/PLENO, das facturas e xustificantes comprendidos nas relacións de facturas N° F/2025/257, N° F/2025/271, F/2025/275, F/2026/6 e dos xustificantes 2025/7683 e 2025/8707 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 85.365,80 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2026 (2025 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260226&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- EXAME DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS, E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO USO DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO MUNICIPAL.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 23 de febreiro de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe da Tesourería Municipal, en relación coas Alegacións presentadas polo Grupos Municipais de ESQUERDA UNIDA, BLOQUE NACIONALISTA GALEGO E PARTIDO POPULAR á aprobación da Ordenanza fiscal N°II.18 reguladora da taxa polo uso do aparcamento subterráneo municipal

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

ASUNTO: ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA, PARTIDO POPULAR E BLOQUE NACIONALISTA GALEGO Á APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N°II.18 REGULADORA DA TAXA POLO USO DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO MUNICIPAL

Na sesión plenaria celebrada o 27 de novembro de 2025 aprobouse inicialmente a Ordenanza Fiscal N°II.18 Reguladora da Taxa polo Uso do Aparcamiento Subterráneo Municipal.

Dito acordo foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n° 231 de 02/12/2025, para que durante un prazo de 30 días hábiles os interesados presentasen as reclamacións que estimasen convenientes.

Presentáronse alegacións por tres grupos políticos:

- Grupo municipal de Esquerda Unida o día 02/12/2025 (WEB2025010628).
- Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego o día 02/12/2025 (WEB2025010633).

- Grupo municipal do Partido Popular o día 15/01/2026 (WEB2026000287).

Visto o informe emitido polo Tesoureiro accidental en relación cas alegacións anteriores, propono que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Desestimar a totalidade das alegacións presentadas polo Grupo Municipal Esquerda Unida e Grupo Municipal do Partido Popular, contra a aprobación inicial da ordenanza fiscal NºII.18 Reguladora da Taxa polo Uso do Aparcamiento Subterráneo Municipal.

SEGUNDO.- Estimar a totalidade das alegacións presentadas polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

TERCEIRO.- A aprobación definitiva da Ordenanza fiscal NºII.18 reguladora da taxa polo uso do aparcamento subterráneo municipal, co seguinte teor literal:

“Artigo 1: Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa polo uso de aparcamentos subterráneos construídos no subsolo dunha praza ou vía pública e xestionados polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

Artigo 2: Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización de calquera aparcamento subterráneo construído no subsolo dunha praza ou vía pública e xestionados polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

Artigo 3: Suxeito pasivo

Están obrigados ao pago da taxa regulada nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas e as entidades que utilicen calquera aparcamento subterráneo construído no subsolo dunha praza ou vía pública que sexa xestionado polo Concello de Vilagarcía de Arousa., sexan titulares dos vehículos ou non.

Artigo 4: Tarifas e cota tributaria

I.- Tarifa ordinaria:

Tempo de estacionamento	Importe (€)
Tarifa por minuto	0,013
Máximo por 24 h.	18,66

*Transcorridas as 24 horas continuarase computando o prezo como a partires da 1ª hora.

A cota a pagar será a resultante de multiplicar o número de minutos (ou fraccións) polo prezo de minuto correspondente segundo a táboa anterior e redondeando o resultado a dous decimais.

II.- Abonos periódicos.- Establécense abonos periódicos de carácter mensual e quincenal coas seguintes cotas:

Abonos	30 días	15 días
Abonos 24 horas	74,61	55,96
Abonos 12 horas	59,69	44,77
Abonos 24 horas motocicletas	37,31	
Abonos 24 horas bicicletas	14,92	
Abonos vixentes que, á entrada en vigor desta OF, teñan unha tarifa de 36 € e sexa persoal en activo	37,31	

Artigo 5: Devindicación

1. A devindicación da taxa prodúcese no momento no que se acceda co vehículo ás instalacións do aparcamento subterráneo.

2. No caso de usuarios que opten pola modalidade de abono mensual ou quincenal, a devindicación prodúcese o día 1 de cada mes natural, salvo no caso de nova solicitude, que se producirá no momento de efectuar a nova solicitude do abono.

Artigo 6: Abonos periódicos

1. Abono 24 horas e 24 horas motocicletas e bicicletas:

Horario: de 00,00 a 24,00 horas

Validez: Mes natural

2. Abono 12 horas:

Horario: De 8,00 horas a 20,00 horas ou de 7,00 horas a 19,00 horas

Validez: Mes natural de luns a domingo ou quincenas de luns a domingo

3. Abono vixentes que, á entrada en vigor desta OF, teñan unha tarifa de 36 € e sexa persoal en activo:

Horario: De 7,00 horas a 15,00 horas ou de 8,00 horas a 16,00 horas

Validez: Mes natural de luns a venres, con carácter xeral. Aplicarase outro horario coa mesma duración nos casos nos que o traballador teña quendas distintas

Artigo 7: Bonificacións

Gozarán dunha bonificación polo importe correspondente aos primeiros 90 minutos aqueles suxeitos pasivos que paguen a tarifa ordinaria e teñan o vehículo co cal estean a acceder ao estacionamento incluído no padrón do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Vilagarcía. A bonificación aplicarase unha única vez por vehículo e día.

Gozarán dunha bonificación polo importe correspondente aos primeiros 90 minutos aqueles suxeitos pasivos que paguen a tarifa ordinaria e efectúen compras nos establecementos adheridos ás asociacións colaboradoras coas que o Concello asine un convenio. A bonificación aplicarase nas condicións que se establezan no convenio que se asine ao respecto e será responsable da súa aplicación a Asociación, resolvendo calquera incidencia ou reclamación que se plantexe ao respecto.

Ningunha destas bonificacións será de aplicación aos abonos periódicos.

Artigo 8: Fianzas

Nos supostos de abonos periódicos, establececese unha fianza de 6 € pola entrega de tarxetas de acceso.

Artigo 9: Pagamento

1. O pagamento da taxa na tarifa ordinaria deberá realizarse directamente nos caixeiros habilitados ao efecto no propio aparcamento con anterioridade á retirada do vehículo. O pago poderá realizarse en metálico ou con tarxeta bancaria.

2. Os abonos periódicos xestionaranse a partir dun padrón mensual que se elaborará e aprobará na primeira quincena de cada mes. O período ordinario de pago será de 1 mes natural dende a súa aprobación. No momento da solicitude do abono, deberá efectuarse o pago anticipado do mesmo directamente nas propias instalacións do aparcamento mediante tarxeta bancaria. Ratearase o importe do abono en función dos días que resten no mes natural no que se solicite a alta.

3. O pagamento dos abonos periódicos deberá efectuarse mediante domiciliación bancaria, producíndose o cargo na primeira quincena de cada mes. Dita domiciliación estará activa ata que o interesado presente a baixa, a cal se deberá efectuar, dentro do mes natural anterior ao mes no que non se desexa continuar utilizando o servizo. De non cumprirse co anterior, deberá aboarse completo dito mes.

4. O desistimento ou falta de utilización do servizo no mes en curso non dará lugar á devolución da cota.

5. A falta de pago do recibo impedirá o acceso á instalación, dando lugar á baixa automática do mesmo así como á reclamación da débeda por vía de constrinximento.

6. As fianzas ás que se refire o artigo anterior abonaranse directamente nas propias instalacións do aparcamento, no momento da entrega da tarxeta.

Artigo 10: Normas de xestión

1. Os usuarios da tarifa ordinaria disporán dun tempo máximo de quince minutos para abandonar o aparcadoiro logo de ter aboado o importe correspondente.

2. Os abonados deberán acceder ao aparcadoiro mediante tarxeta magnética. Para a súa adquisición deberán depositar unha fianza. Esta tarxeta deberá manterse en boas condicións de uso, perdendo o importe da fianza no caso de desperfectos ou perda.

3. O estacionamento é rotatorio, polo que non haberá reserva/asignación de prazas, salvo no caso dos abonos periódicos e no caso dos titulares de dereito de cesión de uso existentes no momento da reversión e entrega ao concello do aparcamento.

4. Queda totalmente prohibido o subarrendamento. No caso de detectarse, anularase o abono e

aplicarase a sanción que corresponda.

5. Aos efectos de aplicar a bonificación prevista no artigo 7, teranse en conta os vehículos que figuren no padrón do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica no momento da aprobación do mesmo. Aplicarase o beneficio durante 12 meses, a contar dende que transcorra un mes dende a aprobación do padrón.

Calquera modificación, erro ou omisión no padrón producirá efectos, no referente á aplicación do beneficio fiscal, unha vez transcorridos os 12 meses aos que se refire o parágrafo anterior.

Artigo 11: Lexislación aplicable

No que non estea previsto expresamente na presente Ordenanza, estarase ao establecido no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no Real decreto 939/2005, de 29 de xullo polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, na Ordenanza Nº IV.4 fiscal xeral, do Concello de Vilagarcía, e demais normativa que resulte de aplicación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira.- En tanto non se adquiera e se atope funcionando plenamente o novo sistema de xestión do aparcamento subterráneo de Xoán XXIII non serán de aplicación as bonificacións previstas no artigo 7.

Segunda.- En tanto non se aprobe a ordenanza municipal reguladora do funcionamento do aparcamento subterráneo municipal, non se concederán novos abonos periódicos.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor de conformidade co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, unha vez publicado o seu texto definitivo no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da amentada Lei 7/1985, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.”

TERCEIRO.- O acordo de aprobación definitiva e o texto íntegro da ordenanza haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a desestimación das alegacións presentadas polo Grupo Municipal Esquerda Unida e Grupo Municipal do Partido Popular, e a estimación das alegacións presentadas polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, e a aprobación definitiva da ordenanza fiscal NºII.18 Reguladora da Taxa polo Uso do Aparcamento Subterráneo Municipal.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8) e BNG (2), e nove abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (8) e EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO.- Desestimar a totalidade das alegacións presentadas polo Grupo Municipal Esquerda Unida e Grupo Municipal do Partido Popular, contra a aprobación inicial da ordenanza fiscal NºII.18 Reguladora da Taxa polo Uso do Aparcamento Subterráneo Municipal.

SEGUNDO.- Estimar a totalidade das alegacións presentadas polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

TERCEIRO.- A aprobación definitiva da Ordenanza fiscal N°II.18 reguladora da taxa polo uso do aparcamento subterráneo municipal, co seguinte teor literal:

“Artigo 1: Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa polo uso de aparcamentos subterráneos construídos no subsolo dunha praza ou vía pública e xestionados polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

Artigo 2: Feito impositivo

Constitúe o feito impositivo desta taxa a utilización de calquera aparcamento subterráneo construído no subsolo dunha praza ou vía pública e xestionados polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

Artigo 3: Sujeito pasivo

Están obrigados ao pago da taxa regulada nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas e as entidades que utilicen calquera aparcamento subterráneo construído no subsolo dunha praza ou vía pública que sexa xestionado polo Concello de Vilagarcía de Arousa., sexan titulares dos vehículos ou non.

Artigo 4: Tarifas e cota tributaria

I.- Tarifa ordinaria:

Tempo de estacionamento	Importe (€)
Tarifa por minuto	0,013
Máximo por 24 h.	18,66

*Transcorridas as 24 horas continuarase computando o prezo como a partires da 1ª hora.

A cota a pagar será a resultante de multiplicar o número de minutos (ou fraccións) polo prezo de minuto correspondente segundo a táboa anterior e redondeando o resultado a dous decimais.

II.- Abonos periódicos.- Establécense abonos periódicos de carácter mensual e quincenal coas seguintes cotas:

Abonos	30 días	15 días
Abonos 24 horas	74,61	55,96
Abonos 12 horas	59,69	44,77
Abonos 24 horas motocicletas	37,31	
Abonos 24 horas bicicletas	14,92	
Abonos vixentes que, á entrada en vigor desta OF, teñan unha tarifa de 36 € e sexa persoal en activo	37,31	

Artigo 5: Devindicación

1. A devindicación da taxa prodúcese no momento no que se acceda co vehículo ás instalacións do aparcamento subterráneo.

2. No caso de usuarios que opten pola modalidade de abono mensual ou quincenal, a devindicación prodúcese o día 1 de cada mes natural, salvo no caso de nova solicitude, que se producirá no momento de efectuar a nova solicitude do abono.

Artigo 6: Abonos periódicos

1. Abono 24 horas e 24 horas motocicletas e bicicletas:

Horario: de 00,00 a 24,00 horas

Validez: Mes natural

2. Abono 12 horas:

Horario: De 8,00 horas a 20,00 horas ou de 7,00 horas a 19,00 horas

Validez: Mes natural de luns a domingo ou quincenas de luns a domingo

3. Abono vixentes que, á entrada en vigor desta OF, teñan unha tarifa de 36 € e sexa persoal en activo:

Horario: De 7,00 horas a 15,00 horas ou de 8,00 horas a 16,00 horas

Validez: Mes natural de luns a venres, con carácter xeral. Aplicarase outro horario coa mesma

duración nos casos nos que o traballador teña quendas distintas

Artigo 7: Bonificacións

Gozarán dunha bonificación polo importe correspondente aos primeiros 90 minutos aqueles suxeitos pasivos que paguen a tarifa ordinaria e teñan o vehículo co cal estean a acceder ao estacionamento incluído no padrón do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Vilagarcía. A bonificación aplicarase unha única vez por vehículo e día.

Gozarán dunha bonificación polo importe correspondente aos primeiros 90 minutos aqueles suxeitos pasivos que paguen a tarifa ordinaria e efectúen compras nos establecementos adheridos ás asociacións colaboradoras coas que o Concello asine un convenio. A bonificación aplicarase nas condicións que se establezan no convenio que se asine ao respecto e será responsable da súa aplicación a Asociación, resolvendo calquera incidencia ou reclamación que se plantexe ao respecto.

Ningunha destas bonificacións será de aplicación aos abonos periódicos.

Artigo 8: Fianzas

Nos supostos de abonos periódicos, establececese unha fianza de 6 € pola entrega de tarxetas de acceso.

Artigo 9: Pagamento

1. O pagamento da taxa na tarifa ordinaria deberá realizarse directamente nos caixeiros habilitados ao efecto no propio aparcamento con anterioridade á retirada do vehículo. O pago poderá realizarse en metálico ou con tarxeta bancaria.

2. Os abonos periódicos xestionaranse a partir dun padrón mensual que se elaborará e aprobará na primeira quincena de cada mes. O período ordinario de pago será de 1 mes natural dende a súa aprobación. No momento da solicitude do abono, deberá efectuarse o pago anticipado do mesmo directamente nas propias instalacións do aparcamento mediante tarxeta bancaria. Ratearase o importe do abono en función dos días que resten no mes natural no que se solicite a alta.

3. O pagamento dos abonos periódicos deberá efectuarse mediante domiciliación bancaria, producíndose o cargo na primeira quincena de cada mes. Dita domiciliación estará activa ata que o interesado presente a baixa, a cal se deberá efectuar, dentro do mes natural anterior ao mes no que non se desexa continuar utilizando o servizo. De non cumprirse co anterior, deberá aboarse completo dito mes.

4. O desistimento ou falta de utilización do servizo no mes en curso non dará lugar á devolución da cota.

5. A falta de pago do recibo impedirá o acceso á instalación, dando lugar á baixa automática do mesmo así como á reclamación da débeda por vía de constrinximento.

6. As fianzas ás que se refire o artigo anterior abonaranse directamente nas propias instalacións do aparcamento, no momento da entrega da tarxeta.

Artigo 10: Normas de xestión

1. Os usuarios da tarifa ordinaria disporán dun tempo máximo de quince minutos para abandonar o aparcadoiro logo de ter aboado o importe correspondente.

2. Os abonados deberán acceder ao aparcadoiro mediante tarxeta magnética. Para a súa adquisición deberán depositar unha fianza. Esta tarxeta deberá manterse en boas condicións de uso, perdendo o importe da fianza no caso de desperfectos ou perda.

3. O estacionamento é rotatorio, polo que non haberá reserva/asignación de prazas, salvo no caso dos abonos periódicos e no caso dos titulares de dereito de cesión de uso existentes no momento da reversión e entrega ao concello do aparcamento.

4. Queda totalmente prohibido o subarrendamento. No caso de detectarse, anularase o abono e aplicarase a sanción que corresponda.

5. Aos efectos de aplicar a bonificación prevista no artigo 7, teranse en conta os vehículos que figuren no padrón do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica no momento da aprobación do mesmo. Aplicarase o beneficio durante 12 meses, a contar dende que transcorra un mes dende a aprobación do padrón.

Calquera modificación, erro ou omisión no padrón producirá efectos, no referente á aplicación do beneficio fiscal, unha vez transcorridos os 12 meses aos que se refire o parágrafo anterior.

Artigo 11: Lexislación aplicable

No que non estea previsto expresamente na presente Ordenanza, estarase ao establecido no

Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no Real decreto 939/2005, de 29 de xullo polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, na Ordenanza N° IV.4 fiscal xeral, do Concello de Vilagarcía, e demais normativa que resulte de aplicación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira.- En tanto non se adquira e se atope funcionando plenamente o novo sistema de xestión do aparcamento subterráneo de Xoán XXIII non serán de aplicación as bonificacións previstas no artigo 7.

Segunda.- En tanto non se aprobe a ordenanza municipal reguladora do funcionamento do aparcamento subterráneo municipal, non se concederán novos abonos periódicos.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor de conformidade co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, unha vez publicado o seu texto definitivo no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da amentada Lei 7/1985, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.”

TERCEIRO.- O acordo de aprobación definitiva e o texto íntegro da ordenanza haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260226&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, DE APOIO ÁS REIVINDICACÓNS DO SECTOR AGROGANDEIRO GALEGO.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 23 de febreiro de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, coa data 10 de febreiro de 2026, do seguinte teor:

MOCIÓN DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓN DO SECTOR AGROGANDEIRO GALEGO

Desde o día 29 de decembro de 2025, o sector agrogandeiro galego está a mobilizarse na demanda de reivindicacións xustas e, sobre todo, a favor da pervivencia do noso medio rural. As súas xustas reivindicacións baséanse no seguinte:

- Rexeitamento do acordo UE-MERCOSUR.
- Oposición á proposta de Marco Financeiro Plurianual da UE e á reforma da PAC 2028- 2034.
- Reforma da Lei da Cadea Alimentar e garantía de prezos xustos.
- Simplificación e desburocratización dos servizos públicos e das tramitacións das axudas da PAC.
- Garantías sanitarias fronte a enfermidades gandeiras: EHE e, sobre todo, a DNC (Dermatose Nodular Contaxiosa).

O pasado 17 de xaneiro asinouse o acordo entre o MERCOSUR e a Unión Europea, após unhas negociacións que concluíron o 6 de decembro. Tal e como xa tiña denunciado o BNG, este acordo está a causar unha fonda preocupación no sector agrogandeiro galego polas graves repercusións que vai ter a entrada de produtos agrarios procedentes de América do Sur, especialmente no sector avícola e no da carne de vacún.

O acordo permitirá a entrada dun enorme volume de produtos procedentes do outro lado do Atlántico para abastecer o noso mercado e, deste xeito, favorecerá o monocultivo e a especialización agraria de grandes extensións para o seu posterior traslado a miles de quilómetros. Trátase de prácticas completamente contrarias á descarbonización, á recuperación da biodiversidade natural, á soberanía alimentar e ao consumo de produtos de proximidade.

Cómpre tamén destacar que os cultivos e a cría de gando se realizan en condicións moi

diferentes, xa que se permiten prácticas —uso de praguicidas, antibióticos, pensos, etc.— que non cumpren os mesmos estándares que na Unión Europea e cuxos controis en orixe non son equivalentes. A isto hai que engadir que, en moitos casos, as condicións laborais da man de obra empregada non garanten salarios nin condicións dignas.

Segundo as cifras publicadas, este acordo suporá a entrada anual de 99.000 toneladas de carne de vacún, 180.000 toneladas de aves e 45.000 toneladas de mel procedentes do MERCOSUR, sen aranceis. En Galiza prodúcese anualmente 95.600 toneladas de carne de vacún, das cales 23.000 están amparadas pola indicación xeográfica protexida Ternera Gallega, así como 215.000 toneladas de aves e 2.700 toneladas de mel. Se comparamos estes datos coa produción galega, observamos que este acordo supón a entrada na UE dun volume de carne de vacún similar á produción anual de Galiza, e o que é mais grave, sen cumprir ningún dos requisitos esixíbeis á gandería galega. No caso do mel, supón case o dobre da produción total de todo o Estado español, que se sitúa nas 27.400 toneladas anuais.

No ano 2023 entrou en funcionamento a PAC para o novo período, coñecida como PEPAC 2023-2027. Neste ano 2025 xa se comeza a falar do novo período, en principio 2028-2034. A proposta inicial que se está a debater prevé un recorte de máis dun 22 % nos fondos destinados á Política Agraria Común para destinalos á industria da guerra. Parece que a presidenta da Comisión Europea, Ursula von der Leyen, prefire as armas aos alimentos, os tanques ás labregas e aos labregos. Se xa a PAC nos últimos anos foi negativa para Galiza, é doado imaxinar o que significará un recorte brutal deste calibre.

Esta redución do orzamento comunitario para o sector agrario suporía unha baixa de máis de 84.000 millóns de euros, o que sen dúbida traería consigo graves consecuencias para o agro, afectando de xeito moi significativo a Galiza. Para o BNG esta proposta é totalmente inaceptábel, polo que demandamos a súa retirada e que se teña en conta como punto de partida a resolución aprobada no Parlamento Europeo a favor dun incremento dos fondos destinados á PAC. Desde o BNG demandamos que este incremento leve consigo unha distribución que teña en conta fundamentalmente as pequenas explotacións familiares, a permanencia no territorio, a loita contra o despoboamento, a remuda xeracional e, por suposto, unha mellora e ampliación dos servizos públicos e un desenvolvemento rural produtivo e respectuoso co medio ambiente.

A recente chegada ao Estado español da Dermatose Nodular Contaxiosa (DNC) sitúa o noso país nunha situación de alto risco para a gandería, tanto de leite como de carne, que vén de enfrontarse nos últimos anos a enfermidades emerxentes que provocaron importantes perdas nas explotacións, como a lingua azul ou a EHE. Coa detección dun gromo en Cataluña, e á vista da evolución da enfermidade nos últimos meses, comprobouse que toda a prevención é pouca para unha patoloxía vírica cunha grande capacidade de contaxio, tanto entre animais enfermos e sans como a través de vectores como moscas, tabáns ou carrachas. Trátase dunha enfermidade cunha mortalidade que normalmente non supera o 10 %, mais cunha morbilidade que pode acadar o 45 %.

Tendo en conta que se trata dunha enfermidade de categoría A segundo a UE, cuxas medidas se encamiñan cara á súa erradicación, débese priorizar a prevención e a detección precoz, elementos críticos para reducir o impacto no caso dunha eventual entrada da DNC en Galiza. Non é de menor importancia lembrar as medidas de control nas explotacións afectadas, que inclúen a inmovilización e o baleiro sanitario, a eliminación dos animais sacrificados e dos produtos susceptibles de transmitir o virus, coas importantes perdas económicas que isto suporía para a gandería galega. Cómpre lembrar que o sector gandeiro move anualmente millóns de euros no noso país, cunha facturación arredor dos 3.000 millóns de euros tanto no gando de leite como no de carne.

É, polo tanto, vital que tanto o Goberno galego como o Goberno do Estado actúen con determinación, dado que existe unha ameaza real de chegada da enfermidade, adoptando con urxencia medidas para evitar o contaxio da Dermatose Nodular Contaxiosa e para paliar os seus posibles efectos no caso de que se produza.

Por outra banda, a Lei da Cadea Alimentar, lonxe de servir para regular os prezos a través dun sistema de contratación e dun proceso de negociación colectiva, está a demostrarse insuficiente, xa que permite que a agroindustria impoña os seus prezos e condicións. Galiza debe contar cun modelo propio de fixación de prezos e garantías de cobro. Este modelo xa existiu no período 2006-2009 a través dos contratos homologados. Esta fórmula —ou outra equivalente— debe ser

incorporada á citada lei, establecendo un Marco Galego de Negociación de Prezos, xa que o modelo produtivo do noso país nada ten que ver co doutras zonas do Estado.

As distintas normativas publicadas desde 2022 veñen engadir novas obrigas burocráticas ás que deben facer fronte as persoas titulares das explotacións agropecuarias, que, xunto coa lexislación que desenvolve a aplicación da PAC no Estado español para o período 2023-2027, fan a vida máis difícil a quen ten a actividade agropecuaria como principal medio de vida. Máis obrigas e máis custos. A simplificación administrativa debe ser un obxectivo prioritario para facilitar a xestión das explotacións agrogandeiras, sen renunciar á seguridade alimentaria.

As persoas que se están a mobilizar na defensa do sector agrario non precisan “mans polo lombo”, nin “falsas promesas”, nin “solidariedade institucional”. Precisan accións políticas decididas. É hora dun cambio nas políticas agrarias e da posta en marcha de medidas para reverter a actual tendencia de desmantelamento dos sectores produtivos galegos, especialmente na provincia de Ourense.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, propoñendo a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado español a:

a) Oporse ao acordo MERCOSUR-UE polas graves repercusións que terá no sector agrogandeiro galego e transmitir esta posición ao Congreso dos Deputados, ao Parlamento Europeo e á Comisión Europea.

b) Rexeitar de forma clara e rotunda a proposta da presidenta da Comisión Europea de recortar máis dun 22% os fondos destinados á Política Agraria Común para o período 2028-2034.

c) Esixir para o novo período da PAC 2028-2034 unha mellora do financiamento destinado a Galiza.

d) Establecer por parte da Xunta de Galiza, de xeito inminente, a vacinación gratuíta contra a Dermatose Nodular Contaxiosa, a realizar por persoal propio da Consellaría antes da chegada da enfermidade ao noso país, como medida preventiva fundamental.

e) Estabelecer medidas adicionais por parte da Consellaría do Medio Rural para previr a entrada en Galiza da DNC.

f) Exixir da Xunta de Galiza que as indemnizacións por animal nos casos de baleiro sanitario (DNC) estean actualizadas segundo o prezo real de mercado do gando.

g) Modificar e simplificar as normativas de aplicación da PAC en Galiza, tendo en conta a nosa especificidade, evitando criterios diverxentes entre consellarías. No Comité de Seguimento do PEPAC establecerase unha mesa de traballo específica para combater a burocratización da tramitación das axudas, permitindo a simplificación dos procedementos administrativos e a unificación de criterios.

h) Promover unha reforma da Lei da Cadea Alimentar con indexación e referencias a marxes comerciais non abusivas, mellorando o coñecemento dos custos de produción mediante estudos específicos e a implantación dunha rede de explotacións que permita obter datos reais das distintas orientacións produtivas.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, de apoio ás reivindicacións do sector agrogandeiro galego.

- Polo grupo político municipal do PP presentase a seguinte emenda de substitución:

Dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

1º.- Manifestar publicamente o seu rexeitamento a calquera proposta que implique unha redución substancial dos fondos europeos destinados ao sector agrícola e gandeiro no próximo Marco Financeiro Plurianual (2028-2034).

2º.- Defender, no seo do Consello da Unión Europea, o mantemento dun orzamento específico e suficiente con recursos equivalentes e homologables á actual Política Agrícola Común (PAC) e

aos fondos FEAGA e FEADER, de forma que se garanta a competitividade, modernización e viabilidade futura do sector.

3º.- Solicitar o anticipo da parte correspondente a España dos 45.000 millóns anuais propostos pola Unión Europea apra dirixilos directamente ao sector primario; e ao mesmo tempo destinar á PAC o orzamento denominado Obxectivo Rural, é dicir, o 10% da dotación do fondo nacional asignado.

4º.- Protexer ao sector primario, defendendo como cuestión imprescindible as cláusulas de salvagarda no acordo de libre comercio entre a Unión Europea e Mercosur e garantir e intensificar os controis de fronteira, co fin de que os produtos agroalimentarios de tereiros países que pretendan comercializarse no mercado comunitario cumpran os mesmos estándares que os esixidos na Unión Europea.

5º.- Solicitar ante a Unión Europea a non activación provisional do citado acordo mentres non haxa garantías para o agro e certezas de que se aprobará o regulamento das cláusulas de salvagarda, o reforzo dos controis ou a redución das esixencias actuais para os produtores.

- Polo voceiro do grupo político do BNG non se acepta a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), BNG (2) e EU (1), e oito votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

1. Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado español a:

a) Oporse ao acordo MERCOSUR-UE polas graves repercusións que terá no sector agrogandeiro galego e transmitir esta posición ao Congreso dos Deputados, ao Parlamento Europeo e á Comisión Europea.

b) Rexeitar de forma clara e rotunda a proposta da presidenta da Comisión Europea de recortar máis dun 22% os fondos destinados á Política Agraria Común para o período 2028-2034.

c) Esixir para o novo período da PAC 2028-2034 unha mellora do financiamento destinado a Galiza.

d) Establecer por parte da Xunta de Galiza, de xeito inminente, a vacinación gratuíta contra a Dermatose Nodular Contaxiosa, a realizar por persoal propio da Consellaría antes da chegada da enfermidade ao noso país, como medida preventiva fundamental.

e) Estabelecer medidas adicionais por parte da Consellaría do Medio Rural para previr a entrada en Galiza da DNC.

f) Exixir da Xunta de Galiza que as indemnizacións por animal nos casos de baleiro sanitario (DNC) estean actualizadas segundo o prezo real de mercado do gando.

g) Modificar e simplificar as normativas de aplicación da PAC en Galiza, tendo en conta a nosa especificidade, evitando criterios diverxentes entre consellarías. No Comité de Seguimento do PEPAC establecerase unha mesa de traballo específica para combater a burocratización da tramitación das axudas, permitindo a simplificación dos procedementos administrativos e a unificación de criterios.

h) Promover unha reforma da Lei da Cadea Alimentar con indexación e referencias a marxes comerciais non abusivas, mellorando o coñecemento dos custos de produción mediante estudos específicos e a implantación dunha rede de explotacións que permita obter datos reais das distintas orientacións produtivas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260226&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- Sendo as 18:50 auséntase da sesión o Sr. Fajardo Recouso.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, RELATIVA Á RECUPERACIÓN TOTAL DO SERVIZO FERROVIARIO NO EIXO ATLÁNTICO.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 23 de febreiro de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP, coa data de 18 de febreiro de 2026, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de febreiro de 2026 a seguinte MOCIÓN:

“MOCIÓN RELATIVA Á RECUPERACIÓN TOTAL DO SERVIZO FERROVIARIO NO EIXO ATLÁNTICO”

EXPOÑEN

Nas últimas semanas, os usuarios do servizo ferroviario na nosa cidade están a sufrir unha importante merma na calidade e fiabilidade do transporte. O que empezou como unha incidencia puntual, derivou nun problema que se prolongou demasiado no tempo.

A suspensión total do servizo a principios deste mes de febreiro, a falta de información aos usuarios —que vían como cancelaban as súas viaxes minutos antes da súa saída e sen previo aviso— e a ausencia de transporte alternativo, prexudicaron gravemente a estudantes, traballadores e familias de Vilagarcía. Esta situación, agravada pola folga de maquinistas e por outras incidencias —que descoñecemos— e que obrigaron ao peche do tráfico en diversos puntos, demostra unha alarmante falta de previsión e de capacidade de resposta por parte dos responsables das infraestruturas.

Tal é así que, a día da presentación desta moción, o servizo ferroviario rexional do Eixo Atlántico entre Vilagarcía, Catoira, Pontecesures e Padrón aínda non fora restablecido tras máis de dez días de suspensión.

Dende o Partido Popular de Vilagarcía entendemos que a seguridade nas vías é o primeiro, pero non pode ser unha excusa para tapar unha mala xestión que deixa a Vilagarcía incomunicada. Os vilagarcíans non só sufren a perda de trens, tamén teñen que lidiar cunha total desinformación e a falta de alternativas de transporte dignas cando o servizo falla.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón para o seu debate e aprobación os seguintes ACORDOS:

1. Instar ao Concello de Vilagarcía a instar ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, a ADIF e Renfe a que garantan a normalidade na totalidade dos servizos ferroviarios do Eixo Atlántico, con total seguridade e ofrecendo información transparente e fluída para os usuarios.
2. Esixir ao Ministerio de Transportes, a Renfe e ao ADIF unha rendición de contas clara e detallada, sobre os motivos reais que provocaron a suspensión total do servizo ferroviario que afectou a Vilagarcía, e sobre a falta de información aos usuarios e de alternativas de transporte.

Ana Granja – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

- Ausentase da comisión o Sr. Fajardo Recouso.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada

polo grupo político municipal do PP, relativa á recuperación total do Servizo Ferroviario no Eixo Atlántico.

- Regresa á comisión informativa o Sr. Fajardo Recousó.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (8) e BNG (2), e oito abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE (8)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1. Instar ao Concello de Vilagarcía a instar ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, a ADIF e Renfe a que garantan a normalidade na totalidade dos servizos ferroviarios do Eixo Atlántico, con total seguridade e ofrecendo información transparente e fluída para os usuarios.
2. Esixir ao Ministerio de Transportes, a Renfe e ao ADIF unha rendición de contas clara e detallada, sobre os motivos reais que provocaron a suspensión total do servizo ferroviario que afectou a Vilagarcía, e sobre a falta de información aos usuarios e de alternativas de transporte.

- Sendo as 19:10 horas incorporase á sesión o Sr. Fajardo Recousó.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260226&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, RELATIVA Á REALIZACIÓN DUN ESTUDO TÉCNICO EXTERNO SOBRE O ESTADO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 23 de febreiro de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP, coa data de 17 de febreiro de 2026, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de febreiro de 2026 a seguinte MOCIÓN:

“MOCIÓN REALATIVA Á REALIZACIÓN DUN ESTUDO TÉCNICO EXTERNO SOBRE O ESTADO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS”

EXPOÑEN

Vilagarcía de Arousa é unha cidade que respira deporte. Contamos cun alto número de usuarios, e clubs e deportistas que levan o nome da nosa cidade por toda Galicia e España. Pero este éxito deportivo non se ve correspondido co estado das infraestruturas onde se desenvolve.

Nos últimos meses, este grupo municipal recolleu numerosas queixas de veciños, pais, nais e clubs deportivos que alertan sobre deficiencias graves que afectan ao uso básico das instalacións: goteiras persistentes en pavillóns como o de Carril ou o de Arealonga, problemas estruturais no campo de fútbol de Bamio, deficiencias na drenaxe de pistas de recente creación como a do Cavadelo, vestiarios obsoletos, as filtracións no Helena Mariño e en Fexdega ou o evidente deterioro do céspede na Lomba.

Ata o de agora, o Goberno local optou por unha política de "parches" ou intervencións só cando o problema xa é insostible. Esta falta de planificación non só pon en risco a práctica deportiva e a seguridade dos usuarios, senón que, co tempo, supón un maior gasto de cartos públicos ao ter

que afrontar reparacións de urxencia en lugar dun mantemento preventivo eficaz.

Consideramos que é necesario realizar un diagnóstico profesional, independente e exhaustivo que nos diga exactamente o estado actual das nosas instalacións deportivas municipais, e canto custaría poñelas á altura do que Vilagarcía merece.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Contratación dunha auditoría técnica externa: Que o Concello de Vilagarcía encargue a unha empresa especializada un estudo integral de todas as instalacións deportivas municipais (pavillóns, campos de fútbol, pistas polideportivas, skate parks...).
2. Contido do informe: Dito estudo deberá incluír un diagnóstico detallado do estado estrutural, suministros e accesibilidade de cada recinto, identificando as reformas necesarias por orde de prioridade.
3. Valoración económica: O estudo deberá acompañarse dunha memoria económica que estime o custo real das actuacións propostas.
4. Transparencia: Unha vez recibido o informe, os resultados serán presentados aos grupos da oposición e aos clubs deportivos locais nunha comisión informativa específica

Ana Granja – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do PP, relativa á realización dun estudo técnico externo sobre o estado das instalacións deportivas municipais.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con nove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (8) e EU (1), e dez votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8) e BNG (2)

ACÓRDASE Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP, relativa á realización dun estudo técnico externo sobre o estado das instalacións deportivas municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260226&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓN DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260226&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260226&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as delegados/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260226&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Pola voceira do grupo político municipal do PP presentaronse coa data de 19 de febreiro de 2026 as seguintes preguntas por escrito:

1. ¿La ampliación del plazo de ejecución de la obra del Ramal va a suponer algún coste extra de la actuación?
2. ¿En que fase se encuentra actualmente el proceso de la licitación del contrato de la Escuela Infantil municipal?
3. ¿Qué gestiones hizo el Gobierno local ante Adif para solucionar el problema de la mala situación del transporte ferroviario del eje atlántico que tanto trastorno supone para la ciudadanía de Vilagarcía?
4. ¿Tiene pensado hacer algo el gobierno local para arreglar la fuente de Trabanca Badiña y mejorar el parque? Si no está previsto que sea ahora, no se podrían retirar las piedras antes de que desaparezcan más?
5. ¿En que estado se encuentra la tramitación para reparar los daños causados por el temporal en el campo de fútbol Mari Paz Vilas de Bamio?

As preguntas son contestadas polo Sr. Alcalde e Concelleiros/as Delegados/as.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260226&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS ORALMENTE NA SESIÓN, POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse oralmente rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260226&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte das persoas que asisten como público á sesión non se formulan rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260226&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:10, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.